

## **INFORME A SOLICITUDE DO SR. ALCALDE**

A solicitude do Sr . Alcalde, se emite o seguinte "Informe complementario " á documentación entregada con motivo da toma de posesión do novo equipo de goberno do Concello de Santiago o día 15 de xuño de 2015

### **ANTECEDENTES**

A data de toma de posesión do novo goberno municipal se fai entrega da seguinte documentación

- 1) Acta de Arqueo extraordinaria ( Informes de data 12/06/2015 e 16 /06 /2015 )
- 2) Estado de execución de exercicio corrente de ingresos e gastos do orzamento a 12 e xuño de 2015.
- 3) Estado de execución de exercicio corrente de ingresos e gastos do orzamentos pechados a 12 e xuño de 2015
- 4) Estado de movementos das partidas non orzamentarias á data 12 de xuño de 2015
- 5) Balance , conta de resultados e Acta de arqueo das sociedades de capital 100% municipal

Para a realización do informe complementario que se achega , se engade a dita documentación de soporte :

- 6) Expediente de liquidación do orzamento de 2014
- 7) Informes de Intervención á liquidación do Orzamento ( Informe de intervención nº 83 / 2015 )
- 8) Informe do Interventor do Concello data 10 de marzo de 2015 sobre cumprimento da regra do Gasto na liquidación do 2014
- 9) Informe de estabilidade 1º Trimestre en execución do establecido na Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF
- 10) Informe sobre o cumprimento da morosidade 1º e 2º Trimestre en execución do establecido na Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de Información previstas na LOEOSF
- 11) Estimación Remanente de Tesourería para gastos xerais 1º Trimestre en execución do establecido na Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF
- 12) Estado da débeda financeira e non financeira a curto e longo prazo. Informe de Intervención



- 13) Débeda viva e previsión de vencemento de débeda 1Trimestre ,en execución do establecido na Orden HAP/2015/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF
- 14) Evolución pagos pendentes de aplicación o orzamento
- 15) Obrigas con constancia en Intervención sen crédito específico suficiente e adecuado no Orzamento do ano 2015
- 16) Outras incidencias e gastos sen consignación específica no Orzamento de 2015

Vista a documentación de referencia se informa :

Para dar conta da situación económico – financeira , comezaremos por abordar os estados estimativos de ingresos e os créditos de gastos aprobados .

**Estados de ingresos e gastos do orzamento aprobado ( Ente matriz:  
Concello de Santiago )**

A situación do orzamento a data do cambio do Goberno , se amosa en resumo no seguinte cadro que reflicte os gastos que como máximo pode efectuar o Concello no ano 2015 e a estimación dos ingresos que financian eses gastos :

**Cadro nº 1 : Orzamento inicial e definitivo a 12 / 06 /2015**

| INGRESOS                    | Inicial               | Definitivo            | GASTOS             | Inicial               | Definitivo            |
|-----------------------------|-----------------------|-----------------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| 1                           | 40.369.669,49         | 40.369.669,49         | 1                  | 30.014.437,49         | 30.361.517,24         |
| 2                           | 3.957.610             | 3.957.610             | 2                  | 40.455.813,57         | 40.589.121,88         |
| 3                           | 16.531.857,15         | 16.531.857,15         | 3                  | 1.648.042,15          | 1.730.498,27          |
| 4                           | 32.353.195,37         | 34.888.654,09         | 4                  | 12.862.030,87         | 13.245.545,19         |
| 5                           | 844.239,20            | 844.239,20            | 5                  | 0                     | 0,00                  |
| <b>CORRENTES</b>            | <b>94.056.571,21</b>  | <b>96.592.029,93</b>  | <b>CORRENTES</b>   | <b>84.980.324,08</b>  | <b>85.926.682,58</b>  |
| 6                           | 1.650.229,09          | 1.650.229,09          | 6                  | 11.911.584,92         | 31.597.684,68         |
| 7                           | 6.824.265,52          | 9.115.095,76          | 7                  | 645.344,15            | 1.624.411,67          |
| <b>CAPITAL</b>              | <b>8.474.494,61</b>   | <b>10.765.324,85</b>  | <b>CAPITAL</b>     | <b>12.556.929,07</b>  | <b>33.222.096,35</b>  |
| <b>NON FINANCEIROS</b>      | <b>102.531.065,82</b> | <b>107.357.354,78</b> | <b>NONFINANC</b>   | <b>97.537.253,15</b>  | <b>119.148.778,93</b> |
| 8                           | 80.000,00             | 11.365.722,51         | 8                  | 80.000                | 80.000                |
| 9                           |                       | 4.442.654,16          | 9                  | 4.993.812,67          | 3.936.952,52          |
| <b>FINANCEIROS</b>          | <b>80.000,00</b>      | <b>15.808.376,67</b>  | <b>FINANCEIROS</b> | <b>5.073.813</b>      | <b>4.016.953</b>      |
| <b>I TOTAIS</b>             | <b>102.611.065,82</b> | <b>123.165.731,45</b> | <b>G TOTAIS</b>    | <b>102.611.065,82</b> | <b>123.165.731,45</b> |
| <b>Saldo non financeiro</b> | <b>4.993.812,67</b>   | <b>-11.791.424,15</b> |                    |                       |                       |



O orzamento pasou de 102,6 millóns de euros na súa aprobación inicial a 123,2 a data do cambio do goberno por mor dos expedientes modificativos de crédito aprobados .

O orzamento do Concello está suxeito ao establecido na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria , Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril (LOEP) .No seu artigo 4 , este texto legal establece a obrigatoriedade da elaboración dun "plan orzamentario" a medio prazo no que, se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais e co que se deberá garantir unha programación coherentes cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e a conformidade ca regra do gasto .

O orzamento en equilibrio a efectos de estabilidade orzamentaria se representa no "Saldo non financeiro" ( diferenza entre ingresos e gastos desta natureza ) e na necesidade ou capacidade de financiamento calculada ca metodoloxía aplicable do sistema de contas europeos ( SEC) .

A incidencia directa, dos "expedientes modificativos de crédito aprobados ", no "saldo non financeiro ", é , que se pasa dun saldo positivo de +4.993.812,67 a un negativo de -11.791.424,15 no orzamento vixente.

Esto é, no caso hipotético de executarse na súa integridade o orzamento previsto,( 100%) e de non provocarse desaxustes nos ingresos estimados(situación en absoluto realista si atendemos a lóxica masi elemental e ademais , as porcentaxes de execución de anos anteriores) a situación a final do exercicio 2015 , sería dunha situación de déficit non financeiro .

**Cadro nº 2 : Incrementos de ingresos e  
gastos por capítulos .Orzamento 2015**

| CAPITULOS                 | INGRESOS             | GASTOS               |
|---------------------------|----------------------|----------------------|
|                           | 1                    | 0,00                 |
|                           | 2                    | 0,00                 |
|                           | 3                    | 0,00                 |
|                           | 4                    | 2.535.458,72         |
|                           | 5                    | 0,00                 |
| <b>OP CORRENTES</b>       | <b>2.535.458,72</b>  | <b>946.359,50</b>    |
|                           | 6                    | 0,00                 |
|                           | 7                    | 2.290.830,24         |
| op CAPITAL                | 2.290.830,24         | 20.665.167,28        |
| <b>OP NON FINANCEIRAS</b> | <b>4.826.288,96</b>  | <b>21.611.525,78</b> |
|                           | 8                    | 11.285.722,51        |
|                           | 9                    | 4.442.654,16         |
| OP FINANCEIRAS            | 15.728.376,67        | -1.056.860,15        |
| <b>TOTAL INCREMENTOS</b>  | <b>20.554.665,63</b> | <b>20.554.665,63</b> |

Fonte : Orzamento aprobados



A maior parte do incremento de gastos, realizado durante o exercicio( o 95,4 % ) corresponde a gastos de capital -20,6 millóns- que se incrementaron un 164,5 % sobre o orzamento inicial .O resto do



incremento corresponde a gasto corrente en contía de 0,9 millóns. O incremento global de gastos non financeiros foi de 21,6 millóns.

O capítulo de investimentos ( capítulo 6) se incrementou en 19.6 millóns e as transferencias de capital ( capítulo 7 en 0,9 millóns ). A maior parte do gasto incrementado, corresponde a "remanentes de gasto " de exercicios anteriores ao 2015 e que tiñan financiamento afectado .

O gasto non executado de exercicios anteriores ao 2014 ,e que tiña un financiamento afectado, ( un total de 17,6 millóns de euros ) é gasto de obrigada incorporación ao orzamento do 2015 , salvo que se desista da súa realización . A maior parte do seu financiamento se incorpora no orzamento no capítulo 8 como operacións financeiras provocando a distorsión no saldo non financeiro .( artigo 182.3 do R/D lexislativo 3/2004 de 5 de marzo ) . A mesma distorsión sucede co gasto financiado con remanente líquido de tesourería que supón un incremento de gasto non financeiros sen contrapartida nos ingresos de igual natureza e, por elo , sitúa a entidade en peor situación dende o punto de vista da estabilidade orzamentaria .

O financiamento dos 17,6 millóns de remanentes de crédito se efectuou contra os incrementos dos capítulos 8 e 9 do orzamento de ingresos (11,3 : "remanente de tesourería" ben sexa afectado e de" obrigada incorporación " ao orzamento do 2015 ou remanente líquido para gastos xerais en contía ( 1,4 millóns ), así como operacións de crédito concertadas e non desembolsadas procedentes do ano 2014 en 4,4 millóns .( ver cadro nº 2) . O resto do financiamento corresponde a transferencias de capital ( 2,3 millóns ) e aforro corrente derivado entre outros da minoración de mais de 1 millón de euros de gastos financeiros .( se detecta un erro na representación de parte dos incrementos do capítulo 4 de ingresos , cando polo destino dos gastos que financian deberían representarse no capítulo 7 do orzamento ) O resultado é a diminución de o superávit non financeiro inicial en 16 ,8 millóns e a consecuente aparición de saldo negativo de 11,8 millóns

O artigo . 11 da lei 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.establece :

*Artigo 11. Instrumentación del principio de estabilidad*

*1. La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria.....*

*4. Las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario.....*

*6. Para el cálculo del déficit estructural se aplicará la metodología utilizada por la Comisión Europea en el marco de la normativa de estabilidad presupuestaria.*

*E o artigo Artículo 18 Medidas automáticas de prevención*

*Las Administraciones Públicas harán un seguimiento de los datos de ejecución presupuestaria y ajustarán el gasto público para garantizar que al cierre del ejercicio no se incumple el objetivo de estabilidad presupuestaria*

*Por último o artigo 20*





1. En los supuestos de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria o de deuda pública de las Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo definido en los artículos 111 y 135 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, todas las operaciones de endeudamiento a largo plazo de la corporación Local Incumplidora, precisarán autorización del Estado o en su caso de la Comunidad Autónoma que tenga atribuida la tutela financiera.

#### **Medidas correctivas**

##### **Artículo 20 Medidas automáticas de corrección**

2. En los supuestos de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria o de deuda pública de las Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo definido en los artículos 111 y 135 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, todas las operaciones de endeudamiento a largo plazo de la corporación Local Incumplidora, precisarán autorización del Estado o en su caso de la Comunidad Autónoma que tenga atribuida la tutela financiera.

##### **Artículo 21 Plan económico-financiero**

1. En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en este artículo.

Número 1 del artículo 21 redactado por el apartado siete del artículo primero de la L.O. 9/2013, de 20 de diciembre, de control de la deuda comercial en el sector público («B.O.E.» 21 diciembre). Vigencia: 22 diciembre 2013

2. El plan económico-financiero contendrá como mínimo la siguiente información:

a) Las causas del incumplimiento del objetivo establecido o, en su caso, del incumplimiento de la regla de gasto.

b) Las previsiones tendenciales de ingresos y gastos, bajo el supuesto de que no se producen cambios en las políticas fiscales y de gastos.

c) La descripción, cuantificación y el calendario de aplicación de las medidas incluidas en el plan, señalando las partidas presupuestarias o registros extrapresupuestarios en los que se contabilizarán.

d) Las previsiones de las variables económicas y presupuestarias de las que parte el plan, así como los supuestos sobre los que se basan estas previsiones, en consonancia con lo contemplado en el informe al que se hace referencia en el apartado 5 del artículo 15.

e) Un análisis de sensibilidad considerando escenarios económicos alternativos.....



#### **Fondo de contingencia**

Nos orzamentos do Concello non consta a dotación do "fondo de contingencia" para a execución orzamentaria, establecido regulamentariamente na Lei xeral de estabilidade orzamentaria (artigo 15 da



lei orgánica 2/2012 de 27 de abril LOEPSF), para facer fronte aos gastos de carácter non discrecional e non previstas.

A non dotación deste fondo, priva ao orzamento dun mecanismo de control adicional nas modificacións de crédito e dificulta o control do gasto global do orzamento establecido na lexislación vixente.

### **Estado de execución orzamentaria e de gastos autorizados “axustados”** **( Ente matriz: Concello de Santiago)**

A evolución na execución do orzamento do Concello do exercicio 2015, ata o intre de entrega da acta de arqueo extraordinaria con motivo da toma de posesión do novo Goberno se plasma no estado de execución anexo a Acta de arqueo entregada, no que se deduce unha porcentaxe de execución de ingresos do 21,6 % e de gastos do 22,9 % . ( anexo 1 a este informe :estado de execución a 12 / 06/05 )

A porcentaxe de obrigas de natureza corrente, a data do cambio e goberno representa o 29,7 %do total de gastos do orzamento desta natureza e o dos ingresos o 26 ,05 % mentres que nos gastos por operacións de capital foron do 7,2 %

O nivel de execución reflectido, fai referencia exclusiva a dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas e liquidadas . Non reflicte por tanto, o nivel de gasto comprometido nin o nivel de compromisos de ingresos concertados.

Entenderemos por gasto autorizado, a efectos exclusivamente deste informe, o gasto que se atopa na fase de autorización contable . FASE A, ao que, se lle engaden os “ axustes ” que se detallan e polas causas que se explicita, que son os seguintes :

Capítulo 1 : Se reflicte unha estimación de dito gasto, como gasto autorizado estimado, xa que as nóminas mensuais se incorporan a contabilidade mediante documentos ADO, e polo tanto non constan nos estados contables como gastos autorizados (fase A)

Se cuantifica, pois estimativamente, os gastos xa autorizados deste capítulo pola integridade estimada de gastos da plantilla do Concello . Non se ten en conta a posible amortización de prazas de plantilla nin os posibles aforros por gastos derivados de xubilacións acontecidas no exercicio .

Adicionalmente, se incorporan as reservas de crédito efectuadas para gastos imprevistos non orzamentados no exercicio ( primas de xubilación, sentenzas xudiciais etc en contía de 1,2 millóns ; e que, tendo en conta que non se dotou orzamentariamente o “ fondo de continxencia “no orzamento inicial do 2015, foron imputados directamente por vinculación xurídica, contra os créditos do capítulo 1 sobrantos como consecuencia da imposibilidade legal de cobertura das prazas vacantes do anexo de persoal do orzamento: 1, 4 millóns .

- Capítulo 2 : se realiza un “ axuste ” de 2,5 millóns como resultado de contías pendentes de aplicar orzamentariamente procedentes de subministres e outros gastos realizados, en trámite de facturas pendentes de “conformidade ” .( axuste 2,5 millóns sobre gastos autorizados contables )

Capítulo 3 : non se reflicte a integridade das cotas previstas por amortización e intereses no ano 2015, que se estiman en mais de 5 millóns . Só se contempla os dereitos e obrigas recoñecidas a 12 / 06/2015

Capítulo 4 : non se reflicte a integridade das subvencións nominativas previstas no Orzamento do 2015





Capítulo 6 e 7 e 8 : se reflicten os datos de autorizacións rexistradas contablemente

Cas precisións que se mencionan se constrúe a seguinte táboa onde se expresa a contía do gasto estimado que se podería entender autorizado " a efectos exclusivos deste informe , e precisando que existe marxe real de diminución de gastos do capítulo 1º sobre as marxeas reflectidas non sendo posible utilizar esa marxe nos capítulos 3 e 9 do orzamento .

**Cadro nº 3** Estimación gastos autorizados estimado 12 / 06 / 2015

|                    | G.A. axu<br>12/06/2015 | Orz Definitivo<br>12/06/2015 | Execución<br>% |
|--------------------|------------------------|------------------------------|----------------|
| <b>GASTOS</b>      |                        |                              |                |
| 1                  | 28.752.055,56          | 30.361.517,24                | 94,7           |
| 2                  | 29.030.280,64          | 40.589.121,88                | 71,5           |
| 3                  | 296.812,23             | 1.730.498,27                 | 17,2           |
| 4                  | 8.938.689,44           | 13.245.545,19                | 67,5           |
| 5                  |                        |                              |                |
| <b>G CORRENTES</b> | <b>67.017.837,87</b>   | <b>85.926.682,58</b>         | <b>78</b>      |
| 6                  | 10.503.593,58          | 31.597.684,68                | 33,2           |
| 7                  | 681.950,76             | 1.624.411,67                 | 42             |
| <b>G NON FINAC</b> | <b>78.203.382,21</b>   | <b>119.148.778,93</b>        | <b>65,6</b>    |
| 8                  | 39.775,86              | 80.000                       | 49,7           |
| 9                  | 1.087.770,53           | 3.936.952,52                 | 27,6           |
| <b>G TOTAIS</b>    | <b>79.330.928,60</b>   | <b>123.165.731,45</b>        | <b>64,4</b>    |

Fonte : estados contables e estimacións a efectos exclusivos deste informe

Os gastos que estimamos e reflectidos como "autorizados axustados" no cadro nº 3 , nos termos expostos, representan o 64,4% do total do orzamento de gastos e o 78 % dos gastos de natureza corrente

Polo que fai aos capítulo de investimentos ( Capítulo 6 ) , a data 12 / 06 / 2015 se atopan en situación de non dispoñibles un total de 5,7 millóns dos créditos dotados inicialmente no orzamento ( o 47,8 % dos créditos iniciais e o 18 % dos créditos definitivos ) .

A causa da non dispoñibilidade radica en que son gastos financiados con ingresos afectados que a data actual non constan recoñecidos nin comprometidos . Na relación seguinte se detallan os proxectos afectados a non dispoñibilidade segundo o detalle no que aparecen no anexo de investimentos aprobado no orzamento inicial .



**Cadro nº 4 : CREDITOS NON  
DISPONIBLES A 12 / 06 / 2015**

**CAUSA** **5.702.726**

**A) Alieamento investimentos**

**PROXECTOS AFECTADOS**

|                                                        |                  |
|--------------------------------------------------------|------------------|
| Adecuación Integral Instalacións deportivas S . Lázaro | 400.000          |
| Remodelación Auditorio                                 | 80.000           |
| Expropiacións árae urbanismo                           | 680.229,09       |
| Alumeadopúblico .Contarto de conservación              | 150.000          |
| Parques e xardíns : Instalaciónscubertas               | 240.000          |
| Actuacións complementarias Intermodal Santiago         | 100.000          |
| <b>TOTAL GASTO NON DISPONIBLE</b>                      | <b>1.650.229</b> |

**B) C ESP e INGRESOS URBANISTICOS**

Contía : 515.417

**PROXECTOS AFECTADOS**

|                        |                |
|------------------------|----------------|
| Mobiliario Bombelros   | 80.000         |
| Custe urbaniza SUNP-25 | 235.416,98     |
| SUNP-31 San Marcos     | 200.000        |
|                        | <b>515.417</b> |

**C) Transf empresas privadas**


Contía : 3.567.080

**PROXECTOS AFECTADOS**

|                       |           |
|-----------------------|-----------|
| Adquisición Autobuses | 3.567.080 |
|-----------------------|-----------|

Fonte : Anexo de  
Investimentos e estados  
de execución

Compre proceder a xestionar os ingresos afectados , a efectos da plena dispoñibilidade dos créditos .



## SITUACION CUMPRIMENTO REGRAS FISCAIS

### ESTABILIDADE , SOSTENIBILIDADE E MOROSIDADE

#### I )Estabilidade : Capacidade de financiamento

I.1 ) O Concello ,a finais do exercicio 2014 cumpríu ca normativa vixente de estabilidade orzamentaria presentando unha capacidade de financiamento en termos consolidados de 5,9 millóns de euros ( informe de Intervención nº 86 / 2015 de data 23 de febreiro de 2015 ) os ingresos non financeiros foron superiores aos gastos da mesma natureza .

O dato remitido ao Ministerio de Facenda( execución do primeiro trimestre do 2015 ) presenta unha avaliación da capacidade de financiamento de 1.495.128,71 euros .

Os entes que se consolidan a efectos do cálculo de dita magnitude son : Concello de Santiago , Auditorio de Galicia e a sociedade pública INCOLSA

Polo que se entende que o "grupo consolidado "está cos datos aflorados no primeiro trimestre , en estabilidade , é dicir non necesita financiamento adicional para acometer os gastos non financeiros a data do cálculo realizado .

#### I.2) Estabilidade en termos orzamentarios

A estabilidade en termos estritamente orzamentarios se expresa no "Saldo non financeiro "


A data de 31 de decembro do 2014 a liquidación do orzamento do concello – entidade matriz – presenta saldo positivo de 7,1 millóns euros , e ademais se , reflicten saldos positivos dende as liquidacións dos anos 2011 a 2014 . .

Non obstante , a evolución do saldo non financeiro dos últimos exercicios liquidados é decrecente , se expresa no gráfico nº1 , Se engade a esa representación, o saldo non financeiro que se deduce do orzamento aprobado definitivamente

O saldo no ano 2104 se veu afectado polas decisións en torno a amortización de préstamos adoptadas en decembro do dito ano que supuxeron o adianto de cotas de amortización correspondentes ao ano 2015



**Gráfico nº 1 : evolución saldo non financeiro . Orzamento Concello \***



\* orzamento non consolidado

Fonte : Informe liquidación orzamento 2014 e orzamento definitivo

#### **Estimacións estabilidade e capacidade / necesidade de financiamento**

Nas estimacións efectuadas no marco das obrigas de remisión de información ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2015 , se realiza unha estimación de execución a 31 / 12 / 2015 para Ingresos de 101,3 millóns euros e de gastos de 98,9 millóns.

O saldo non financeiro , estimado, foi positivo en 2,8 millóns segundo esa estimación ( ver cadro nº 3 ) Estamos , falando dunha estimación levada a cabo baixo premisas de execucións realmente efectuadas en exercicios anteriores e realizada a data do primeiro trimestre do ano 2015. A repercusión en termos de necesidade / capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional ( SEC ) foi de +1,3 millóns .

Na orzamental definitiva do ano 2015 , a data posterior a 12 / 06/2015 , como vimos , o saldo non financeiro se ve afectado como consecuencia dos expedientes modificativos aprobados , especialmente polo que fai ao incremento producido polos créditos incorporados ao exercicio , procedentes de remanentes de anos anteriores e do remanente de tesourería líquido que quebra o principio de Estabilidade . Se ben , este incumprimento, en termos xerais , non ten un carácter estrutural senón conxuntural.



Cadro nº 5 : Estimación Dereitos e obrigas a 31/12 / 2015 1º Trimestre

| ORZAMENTO                 | INGRESOS              | GASTOS               |
|---------------------------|-----------------------|----------------------|
| 1                         | 40.993.456,40         | 29.884.258,94        |
| 2                         | 3.213.068,28          | 37.154.072,68        |
| 3                         | 14.987.084,31         | 1.620.854,99         |
| 4                         | 33.353.893,66         | 12.408.863,42        |
| 5                         | 628.215,64            |                      |
| <b>OP CORRENTES</b>       | <b>93.175.718,29</b>  | <b>81.068.050,03</b> |
| 6                         | 23.876,71             | 11.955.648,84        |
| 7                         | 3.535.482,65          | 870.620,41           |
| <b>op CAPITAL</b>         | <b>3.559.359,36</b>   | <b>12.826.269,25</b> |
| <b>OP NON FINANCEIRAS</b> | <b>96.735.077,65</b>  | <b>93.894.319,28</b> |
| 8                         | 80.000                | 80.000,00            |
| 9                         | 4.442.654,16          | 4.993.812,67         |
| <b>OP FINANCEIRAS</b>     | <b>4.522.654</b>      | <b>5.073.812,67</b>  |
| <b>TOTAL</b>              | <b>101.257.731,81</b> | <b>98.968.131,95</b> |

Fonte : Informe de Intervención .Remisión Informe 1T

Polo exposto , se pasa a analizar a evolución e situación actual das magnitudes orzamentarias , sendo o obxectivo a constatación da existencia de remanente de tesourería , da contía do aforro bruto e neto positivo , e do nivel de endebedamento consolidado , así como do cumprimento da regra do gasto en coherencia cas disposicións en vigor derivadas da Lei de orgánica de estabilidade orzamentaria .


**Evolución aforro orzamentario , resultado orzamentario , remanente líquido de tesourería**

- O **resultado orzamentario axustado** do ano 2014 foi de + 61.662,82 euros . No ano 2013 foi e 6,2 millóns . O remanente líquido de Tesourería de +1,7 millóns . No ano 2013 foi de 4,6 millóns

A evolución temporal 2010 -2014 de ambas magnitudes se representa no seguinte cadro e gráfico sobre as base das liquidacións aprobadas de cada exercicio .


**Cadro nº 6: Evolución resultado e remanente ( 2010-2014)**

|                            | 2010          | 2011         | 2012          | 2013         | 2014        |
|----------------------------|---------------|--------------|---------------|--------------|-------------|
| <b>Resultado axustado</b>  | 1.294.996,79  | 6.013.631,31 | 17.663.173,96 | 6.209.898,6  | 61.662,82   |
| <b>Remanente Teoureria</b> | -2.599.247,88 | -1.401.112,4 | 1.890.310,25  | 4.593.277,87 | 1.722.520,7 |



**Gráfico nº2**

### Evolución Remanente e Resultado



Fonte : Informe liquidación orzamento 2014 e orzamento definitivo

O **Remanente líquido de tesourería** é un rateo que indica a solvencia de liquidez a curto prazo acumulada da Entidade.

Os acredores pendentes de aplicar ao orzamento na mesma data ascende a 151.491,05 euros e as devolucións de Ingresos pendentes de pago a data 31 / 12 / 2014 foron de 309.568,06 euros o que nos ofrece unha visión aínda mais axustada desta magnitude que continua sendo positiva a data 31 /12/2014 .

No Informe de intervención á liquidación do ano 2014 se indica " ....O **remanente de tesourería para gastos xerais é positivo , aínda que diminúe respecto do exercicio 2013....**" nesta diminución afecta de maneira nítida o incremento de gasto financeiro derivado do anticipo de cotas de amortización de préstamos vixentes que referimos no análise da situación do aforro neto do Concello .

O remanente de Tesourería para gastos xerais derivado do primeiro trimestre estimouse pola intervención do Concello en 1.959.599,33 euros. No ano 2015 se financia gasto en contía de 1,4 millóns. A data xuño do 2015 se xustificou por parte da tesourería a necesidade de proceder a formalización dunha operación de tesourería en contía de 8 millóns de euros con base primordial na "axenda fiscal " aprobada polo Concello .

A este respecto, e conforme a DA 4ª da lei orgánica de estabilidade orzamentaria ( lei 2/ 2012 de 27 e abril) o Concello deberá dispoñer dun plan de tesourería que pofa de manifesto a súa capacidade para atender o pago dos vencementos de débedas financeiras con especial previsión dos pagos dos interese e de capital de débedas vencidas . Corresponde a Tesourería do concello de conformidade co establecido no artigo 5.2 letra d) do R/D 1174/87 de 18 de setembro a formación dos planos e programas de tesourería



- A evolución no aforro do orzamento do Concello dos últimos anos , pon de manifesto unha tendencia a baixa no aforro corrente que se materializa na liquidación do orzamento do 2014 ( no informe de Intervención a liquidación do ano 2014 de data 20 de febreiro de 2015 se establecían as conclusión " ....A tendencia á diminución dos ingresos correntes obriga a manter as políticas de contención do gasto corrente ..... " .


A representación gráfica , ( Gráfico nº 3 ) pon de manifesto esta situación , os aforros de exercicios 2015 se refire ao orzamento definitivamente aprobado , que obviamente sufrirá variacións derivado da execución orzamentaria de ingresos e gastos , pero , é indicativo da tendencia iniciada nos últimos anos , da que se parece deducir a excepcionalidade dos aforros brutos dos anos 2011 e 2012 nos que se reflectiron grados de execución nos gastos de capital baixos e un incremento do financiamento vía endebedamento( operación de pago a provedores )

**Cadro nº7 : Evolución aforro bruto e neto orzamentario**

|          | 2010          | 2011          | 2012          | 2013         | 2014          | 2015 Orz DEFIN |
|----------|---------------|---------------|---------------|--------------|---------------|----------------|
| IC       | 84.739,195,94 | 103.366.988,7 | 92.319.653,07 | 90,114306    | 89,464,860,25 | 96.592.029,93  |
| GC       | 73.634.355,74 | 70.069.241,21 | 70.470.234,01 | 73.391,660,7 | 74.945,924,7  | 85.926.682,58  |
| AF.BRUTO | 11.104.840,2  | 332.97.747,52 | 21.849.419,06 | 16722645,3   | 14.518935,55  | 10.665.347,35  |
| AF. NETO | 1.850.797,22  | 23.109.756,72 | 11.898.542,36 | 7.011.462,75 | 636.213,04    | 4.917.896,08   |
| CAP 3 e9 | 9.254.042,98  | 10.187.990,8  | 9.950.876,7   | 9.711.182,53 | 13.882.722,51 | 5.747.451,27   |

Fonte : Informe de intervención liquidación orzamento 2014 e orzamento definitivo

**Gráfico nº 3**



A este respecto compre ter en conta que o lixeiro reponte que se visualiza na curva de aforro neto representada no gráfico adxunto , correspondente o último ano representado -2015-está directamente relacionada ca senda de gastos por amortización derivada do cambio nas táboas de amortización pactadas con motivo do "acordo de amortización anticipada de débeda " materializada na " Acta de



amortización de capital " de data 12 de decembro de 2014 ( efectuado no ano 2014 . ( consistente no adianto da cota de amortización do ano 2015 no orzamento do 2014 ) incidindo de maneira significativa na mellora puntual do aforro neto do orzamento 2015 e paralelamente na diminución do aforro no ano 2014 .

No perfil de vencemento da débeda financeira para os próximos 10 anos , remitido por este Concello ao Ministerio de Facenda, se pode observar un incremento substancial nos vencementos previstos por amortización de débeda a partir do ano 2016 e que non volta a acadar o nivel de gasto do ano 2015 ata ben entrado o ano 2020 , e elo sobre a base de non incremento de débeda nos próximos exercicios.

A senda de gasto por amortización prevista nos próximos anos é a seguinte :

Cadro nº8: Evolución estimada da débeda financeira ( 2015-2020)

Senda de devolución de débeda financeira

| Ano    | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--------|------|------|------|------|------|------|
| Contía | 3,9  | 8,8  | 8,5  | 7,6  | 5,2  | 4,3  |

Fonte : Cadros de amortización

O que incidirá no nivel de gasto dispoñible de carácter financeiro no ano 2016 e seguintes , polo que cobra especial relevancia a planificación plurianual orzamentaria , que deberá atender ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira . E, a este respecto, de conformidade co establecido no artigo 7 da lei orgánica de estabilidade orzamentaria ,a xestión e a orientación que nela se plasme, en canto , a aplicación de políticas de racionalización do gasto e mellora na xestión

Deste xeito , as disposicións ,ou os acordos administrativos que afecten a gasto e ingresos presentes ou futuros , deberán " .....valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. " ( artigo 7 punto 3 da citada norma legal )

### **1.3 ) Sostenibilidade : Débeda con entidades financeiras**

O nivel de Endebedamento financeiro atopase no 59,5 % dos ingresos correntes consolidados liquidados da última liquidación orzamentaria do ano 2014 e o capital vivo ascende a 53.819.739,43 euros a xuño de 2015. Desta contía o 45,8 millóns son débeda a longo prazo e 8 millóns a curto prazo

#### **1.4) Débeda non Financeira**

A débeda non financeira do Concello derivada das obrigas por devolución da participación nos ingresos do estado (PIE) por l devolución liquidacións exercicios 2008 e 2009 , ascende a 5,4 millóns de euros a xuño de 2015.( 5,2 millóns a longo prazo )

### **1.4 ) Estimacións de equilibrio e capacidade de financiamento a 31 / 12 / 2015**

Sobre a base da estimación de liquidación facilitada ao Ministerio de facenda correspondente a o primeiro trimestre do ano 2015 e o estado real de execución contable a data da acta de arqueo, e ca





información a que ten acceso esta Intervención, ( a intervención non é o órgano competente en materia de xestión, recadación e inspección tributaria, nin se dispón a data deste informe unha estimación ao respecto por parte do dito departamento ) se pode estimar cautelarmente, e a efectos de garantir unha maior estabilidade orzamentaria, o "risco" de desviación nas estimacións orzamentarias aprobadas.

Este risco se deriva das estimacións que se efectúan baixo os seguintes criterios:

- Impostos directos : segundo a estimación do informe de Intervención do primeiro Trimestre (1T)
- Impostos indirectos : variación estimada da aplicación da aplicación 2100 ( ICIO ) por riba da estimación do 1T
- Taxas, prezos e outros ingresos : variación estimada da aplicación 30900 e 32100 ( taxa de extinción de incendios e Licencias urbanística ) 32900 ( licencias autotaxis e vehículos de aluguer ) 33800 ( taxa ocupación subsolo , 39991 outros ingresos diversos e 39902 e 39906 respectivamente execucións subsidiarias e outros ingresos obras de urbanización por riba da estimación do 1T
- Transferencias correntes : aplicación 42098, 45021 e 45022 e 45023, como medida de cautela e ante a inexistencia de formalización de compromisos firmes na contía prevista por riba da estimación do 1T
- Alleamento de investimentos aplicación 60302 (patrimonio público do solo ) se mantén o do 1T, non se ten constancia do inicio de expedientes de alleamento.
- Transferencias de Capital : se estima idéntica desviación que no 1T, pese a necesidade de certificación adicional no exercicio derivado da finalización do programa URBAN xa que se ten en conta a desviación entre execución de gastos e posible recoñecemento do dereitos derivada da normativa contable.

As estimacións de gastos non financeiros a 31 / 12 / 2015 derivados dos gastos comprometidos e sobre idénticas bases de cálculo utilizada que as utilizadas nos Informe precedentes da Intervención de Fondos, presentan un nivel de gasto estimado de carácter non financeiro de 95,5 millóns de euros un 23,6 millóns inferior ao previsto no orzamento actual.

No cadro seguinte ( cadro 9) se plasma as estimacións derivadas das premisas utilizadas, que pon de manifesto unha estimación de desviación negativa nos ingresos non financeiros do entorno do 9,8% fronte ao 19,8 % nos gastos. Nos ingresos correntes seria do 3,3 % fronte ao 4,9 % dos gastos da mesma natureza

Hai que ter en conta que os ingresos previstos definitivamente no capítulo 8 non dan lugar a recoñecemento de dereitos por ser ingresos do Remanente de Tesourería do ano 2014 polo que a desviación nos ingresos totais non se debe a un efecto estrutural de financiamento pero si de estabilidade en termos da lei de estabilidade orzamentaria de obrigado cumprimento.

As repercusións na capacidade de financiamento do Concello quedan plasmadas nos cadros. 8 e 9 seguintes, onde se aprecia un saldo estritamente orzamentario positivo pero unha necesidade de financiamento, logo de axustes SEC, no entorno dos 147.000 euros sobre un nivel de execución previsto para o capítulo de investimentos ( capítulo 6 ) do entorno do 40 % do gasto total orzamentado

O detalle dos axuste practicados sobre a base histórica dos realizados se recolle no cadro nº 10.



Cadro nº 9: Estimación Liquidación a 31 / 12 / 2015

| ORZAMENTO                   | INGRESOS             | GASTOS               |
|-----------------------------|----------------------|----------------------|
| 1                           | 40.993.456,40        | 30.013.776,65        |
| 2                           | 3.213.068,28         | 37.279.154,22        |
| 3                           | 14.987.084,31        | 1.689.183,79         |
| 4                           | 33.507.182,79        | 12.714.205,10        |
| 5                           | 628.215,64           | 0                    |
| <b>OP CORRENTES</b>         | <b>93.329.007,42</b> | <b>81.696.319,76</b> |
| 6                           | 23.876,71            | 12.639.073,87        |
| 7                           | 3.585.742,84         | 1.214.193,08         |
| <b>OP CAPITAL</b>           | <b>3.609.619,55</b>  | <b>95.549.586,71</b> |
| <b>OP NON FINANCEIRAS</b>   | <b>96.938.626,97</b> | <b>95.549.586,71</b> |
| <b>SALDO NON FINANCEIRO</b> | <b>1.389.040,26</b>  |                      |

Nota : exclusivamente orzamento de entidade matriz : Concello

Cadro nº10: CAPACIDADE / NECESIDADE de financiamento estimada a 31/12/2015

|                                                     |                      |
|-----------------------------------------------------|----------------------|
| <b>SALDONON<br/>FINANCEIRO</b>                      | <b>1.389.040,26</b>  |
| <b>Axustes SEC</b>                                  | <b>-1.535.643,13</b> |
| <b>CAPACIDADE/<br/>NECESIDADE<br/>FINANCIAMENTO</b> | <b>-146.602,87</b>   |

Nota : exclusivamente orzamento de entidade matriz : Concello



**Cadro nº 11 Detalle axustes estimados SEC Orzamento Concello a data 31/ 12 / 2015**

**A) INGRESOS**

**Recadación**

|       |              |
|-------|--------------|
| Cap 1 | 791.949,08   |
| Cap2  | 612.861,34   |
| Cap 3 | 1.077.027,11 |

**PIE**

Ano 2008 63.291,24

Ano 2009 261.638,16

**TOTAL AXUSTES  
INGRESOS 2.806.766,93**

**B) GASTOS**

Pte aplicación 621.265

**TOTAL AXUSTES  
GASTOS 621.265**

**TOTAL AXUSTES -1.535.643,13**

Fonte : Informe de Intervención

*O artigo 19 da Lei 2/2102 establece :*

*Artículo 19 Advertencia de riesgo de incumplimiento*

*1. En caso de apreciar un riesgo de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto de las Comunidades Autónomas o de las Corporaciones Locales, el Gobierno, a propuesta del Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas, formulará una advertencia motivada a la Administración responsable previa audiencia a la misma. Formulada la advertencia el Gobierno dará cuenta de la misma para su conocimiento al Consejo de Política Fiscal y Financiera, si la advertida es una Comunidad Autónoma, y a la Comisión Nacional de Administración Local, si es una Corporación Local. Dicha advertencia se hará pública para general conocimiento.*


*2. La Administración advertida tendrá el plazo de un mes para adoptar las medidas necesarias para evitar el riesgo, que serán comunicadas al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Si no se adoptasen las medidas o el Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas aprecia que son insuficientes para corregir el riesgo, se aplicarán las medidas correctivas previstas en los artículos 20 y 21 y 25, apartado 1*

Polo exposto ,a senda de gastos correntes do orzamento do Concello , debera adecuarse na súa execución, polo que resta do ano 2015 ao marxe estimado de ingresos , xa que, calquera variación nel , repercutirá directamente na minoración do saldo non financielro , provocando unha maior necesidade de financiamento .

A posible aparición de necesidade de financiamento , de confirmarse as estimación que se plasman neste informe , requirirá tal e como establece o artigo 21 da lei 2/2012 xa citado o establecemento dun PEE nos termos nel expostos .

A estes efectos , se recomenda o seguimento mensual dos ingresos a efectos de axustar as marxe aos gastos a efectos de prever un saldo negativo .

É necesario o requirimento dun informe detallado ao departamento de xestión recadación e inspección aos efectos de poder axustar as estimacións de ingresos e a implicación do resto dos departamentos con





competencias en xestión e liquidación de ingresos . A ditos efectos , se recomenda a constitución dunha Comisión de control orzamentario.

A capacidade de financiamento consolidada ao final do exercicio 2015 seguinte sería a que se deduce do anexo 3 , que é positiva, en tan só 74.968,63 . Pola súa escasa contía ,( o ano 2014 foi de 5,9 millóns ) e a ante o risco de incumprimento , se recomenda implementar e manter as medidas xa expostas.

Por último se informa que, de rexistrarse remanente de Tesourería negativo ao peche do exercicio 2015 ,conlevaría a redución de gastos no exercicio 2016 e as demais medidas establecidas no artigo 193 e seguintes do Texto refundido da lei de facendas locais , polo que resulta aconsellable poñer os medios persoais e materiais necesarios para estimar e anticipar ,na medida do posible, os efectos derivados do ritmo de execución de gasto, do que son coñecedores os centros xestores , co ritmo de cobros previstos que é competencia da tesourería a efectos de minimizar o risco dunha diminución na solvencia.

## II) A Regra do gasto

A chamada regra do gasto á que fai referencia o artigo 12 da LOEPSF, é unha regra fiscal que pretende limitar o gasto das administracións públicas españolas , de tal xeito que non creza dun exercicio a outro nada mais que na porcentaxe establecida regulamentariamente .

Establece que o gasto computable das Corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto interior bruto de medio prazo da economía española

O propio artigo12 subliñado ,continúa dicindo o que se entenderá por gasto computable o equivalente ós empregos non financeiros definidos no Sistema Europeo de contas ( SEC-95 ) excluídos os intereses da débeda , o gasto non discrecional por desemprego , a parte do gasto financiada con ingresos finalista procedentes da Unión Europea ou de outras administracións públicas .


O consello de ministros en data 1 de xullo de 2014 aprobou a regra do gasto para o período 2014-2016.

No B.O.E. de data 7 de xullo de 2014 se publica que, a taxa de referencia aplicable as Corporacións locais sobre o gasto efectivo computable de cada Concello realizado no ano 2013 será a seguinte :

### REGRA GASTO (2014-2016)

| Ano 2014 | Ano 2015 | Ano 2016 |
|----------|----------|----------|
| 1,3      | 1,5      | 1,7      |

Fonte : BOE 7 de xullo de 2014



O Concello de Santiago estimou no expediente de aprobación do orzamento do ano 2014 o límite do gasto computable "no orzamento desa anualidade nas contías que se reflicte no cadro nº 12. Ese gasto computable é o límite máximo asumible no exercicio para dar cumprimento a regra legal .

O cálculo efectuado, parte dunha estimación de gastos a 31 / 12 / 2013 sobrevalorada sobre a execución real do exercicio 2013 .



Se estimaron uns gastos que finalmente resultaron ser inferiores na liquidación do exercicio 2013 e que deu lugar a un informe de gasto computable no expediente de aprobación do orzamento do 2014 a alza sobre o límite real derivado da regra legal .

**Cadro nº 12: Situación Regra do gasto ano 2014 .**  
**Orzamento Consolidado .**

|                       | Limite estimado | G computable  | Cumprimento /Incumplimento |
|-----------------------|-----------------|---------------|----------------------------|
| Orzamento             | 81.195.531,23   | 81.079.874,23 | 115.657,00                 |
| Limite Regra de Gasto | 73.218.804,44   | 75.574.242,07 | -2.355.437,63              |

Fonte : Informes de Intervención cálculo" regra gasto" no orzamento 2014 e informe de Intervención "regra do gasto" 1º Trimestre remitido ao Ministerio de Facenda

O límite ao que realmente se debería ter axustado o orzamento do Concello no ano 2014 , en canto a gasto computable , para dar cumprimento a regra de gasto, ascende a 73.218.804,44 euros fronte aos 81.195.531,23 estimados e os 81. 079.874,23 orzamentados no 2014 .Un exceso do 10,9% sobre o límite da regra do gasto.

O nivel de execución real do orzamento do 2013( base do cálculo da regra de gasto ) incidiu, pois , de maneira relevante na marxe de gasto non financeiro computable como máximo no Concello de Santiago para o exercicio 2014 , limitándoo , e por ende, limitando o de exercicios posteriores .

En informe de intervención de data 10 de marzo de 2015 ( Informe de verificación da Regra do gasto na liquidación do ano 2014 ) na páxina 3 despois de analizar os rateos financeiros , mais significativos da liquidación do orzamento do Concello a data 31 / 12 / 2014 se establece a constatación do incumplimento da regra do gasto .

Este incumplimento se concreta como resultado do ritmo de execución orzamentaria , finalmente, se nun exceso de gasto sobre o límite autorizado de 2.355.437,63 euros ( informe de Intervención 1T) , cun exceso dun 3,1 % .

**Cadro 13: Incumplimento regra do gasto ano 2014 .Grupo Consolidado( Detalle por Entes )**

|                      | Limite Regra gasto | Gasto computable | Exceso de gasto |
|----------------------|--------------------|------------------|-----------------|
|                      | A                  | B                | (A-B)           |
| Concello             | 70.218.637,36      | 71.715.926,45    | -1.497.289,09   |
| Auditorio de Galicia | 1.893.699,26       | 1.893.699,26     | 0,00            |
| INCOLSA              | 1.106.467,82       | 1.964.616,36     | -858.148,54     |
| TOTAL                | 73.218.804,44      | 75.574.242,07    | -2.355.437,63   |

Fonte :Informes de intervención 1T /2015.





É dicir , o grupo consolidado ( Concello- entidade matriz – Auditorio e Galicia e a empresa pública INCOLSA) se excede do gasto non financeiro que podía realizar -segundo a normativa vixente - na contía final de 2,3 millóns no ano 2014 .

Debería ter gastado como máximo 73,2 millóns segundo o detalle que se reflicte no cadro nº 13 e gastou 75,5 .( enténdase que dito gasto non é a totalidade do gasto non financeiro executado no ano 2014 , senón só o gasto computable a efectos de dita regra legal ) .

A situación de incumprimento da regra do gasto , conleva, a obriga legal de aprobación dun Plano económico – financeiro

Ante as repercusións que leva aparelado no orde legal o incumprimento de dita norma , que detallaremos mais adiante , compre analizar as causas de dito incumprimento .

#### **ANÁLISE INCUMPRIMENTO : Regra do gasto ano 2014**

O informe de Intervención de data 10 de marzo do 2014 , logo de describir os rateos de débeda pública , a data 31 de decembro , o período medio de pago consolidado , a estabilidade en termos consolidados (5,9 millóns ) e a existencia de Remanente líquido de tesourería ( 1,7 millóns) establece que

*Sendo así de saneada a situación financeira , e positivos tódolos rateos indicados , resulta que o gasto liquidado no ano 2014 exceda a regra do gasto. A explicación deste exceso é , paradoxicamente , o cumprimento da normativa orzamentaria que esixe a Incorporación dos remanentes de crédito financiados con recursos afectados ( artigo 48.5 RD 500/1990 ) .....”e mais adiante na Páxina 10 do informe “ ..... á causa do incumprimento é a utilización dos excesos de financiamento , noutros termos , do remanente de tesourería afectado para o financiamento do gasto afectado..”*

E dicir, segundo Informe do Interventor efectuado en marzo do 2015 , o Concello , debido a un desfase na execución de gastos para os que contaba con recursos a eles destinados ( recursos afectados ) se veu na situación de incrementar o orzamento de gastos , por imperativo legal, a efectos de dar cumprimento final a eses gastos . A outra alternativa fose só renunciar a súa execución( artigo 48 RD, 500/ 1990 ) .

Nestes casos , a Intervención xeral do Estado é clara ao establecer que o concello deberá elaborar e aprobar igualmente un PEF ( plano económico –financeiro ) que se poderá limitar a recoller “.....o compromiso de executar os gastos con financiamento afectado de tal maneira que no último ano do PEF ( que pode ser 2015 ó 2016 ) non se incorpore remanentes do exercicio anterior ....” ( páx 12 do informe do interventor )

O Informe de data 18 de marzo de 2104 da dirección xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia ( rexistro de entrada no Concello de 25 de marzo de 2015 ) a requirimento do Concello refire a obriga legal de aprobación de dito PEF establecendo e a posterior remisión a Comunidade Autónoma para a súa aprobación definitiva dun plan económico – financeiro 2015 de conformidade co establecido no artigo 21 da lei 2/2012 , pola súa parte o artigo 23 da mesma lei establece :

*Artículo 23 Tramitación y seguimiento de los planes económico-financieros y de los planes de reequilibrio*



1. Los planes económico-financieros y los planes de reequilibrio serán presentados, previo informe de la Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, en los supuestos en que resulte preceptivo, ante los órganos contemplados en los apartados siguientes en el que se plazo máximo de un mes desde constata el incumplimiento, o se aprecien las circunstancias previstas en el artículo 11.3, respectivamente. Estos planes deberán ser aprobados por dichos órganos en el plazo máximo de dos meses desde su presentación y supuesta en marcha no podrá exceder de tres meses desde la constatación del incumplimiento o de la apreciación de las circunstancias previstas en el artículo 11.3.

En el cómputo del plazo máximo de un mes previsto anteriormente no se computará el tiempo transcurrido entre la solicitud y la emisión del informe de la Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal.

4. Los planes económico-financieros elaborados por las Corporaciones Locales deberán estar aprobados por el Pleno de la Corporación. Los correspondientes a las corporaciones incluidas en el ámbito subjetivo definido en los artículos 111 y 135 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales serán remitidos al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para su aprobación definitiva y seguimiento, salvo en el supuesto de que la Comunidad Autónoma en cuyo territorio se encuentre la Corporación Local tenga atribuida en su Estatuto de Autonomía la competencia de tutela financiera sobre las entidades locales.

En este último supuesto el plan será remitido a la correspondiente Comunidad Autónoma, la cual será la responsable de su aprobación y seguimiento. La Comunidad Autónoma deberá remitir información al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de dichos planes y de los resultados del seguimiento que efectúe sobre los mismos.

Los planes económico-financieros se remitirán para su conocimiento a la Comisión Nacional de Administración Local. Se dará a estos planes la misma publicidad que la establecida por las leyes para los Presupuestos de la entidad.

5. El Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas dará publicidad a los planes económico-financieros, a los planes de reequilibrio y a la adopción efectiva de las medidas aprobadas con un seguimiento del impacto efectivamente observado de los mismos.....".


O PEF debería, pois, estar aprobado polo Pleno do Concello no prazo máximo dun mes a contar dende a data do informe de Intervención, tal e así, que, en escrito de data 10 de xullo de 2015 a Dirección xeral de Política Financeira e Tesouro reproduce o artigo 21 da lei de estabilidade, recorda que se debe aprobar o Plan económico -financeiro co contido e alcance previsto tanto no artigo 21 da citada lei como no artigo 9.2 da Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro e 116 bis da lei 7/1985 de abril de bases de Réxime local e remítilo a esa Dirección xeral por ser o órgano de tutela financeira das entidades locais.

A normativa vixente detalla as medidas coercitivas que, no seu caso, se poden adoptar polos órganos competentes, en caso de incumprimento, da falta de presentación, de falta de aprobación ou do incumprimento do plano económico-financeiro (artigo 25 da Lei 2/ 2012 de 27 de abril de estabilidade).

Si ben o informe de intervención xa citado expón como causas do incumprimento da regra do gasto, de maneira xenérica a incorporación de remanentes de crédito, compre poñer de relevo que, despois dunha análise máis detallada da propia Intervención de fondos do Concello, se pode apreciar que as obrigas recoñecidas na liquidación do orzamento do 2104 procedentes de remanentes incorporados son 3.974.288,14 euros pero que, unha parte dese gasto, xa non se ten en conta a hora do cómputo do exceso na regra do gasto.

Efectivamente no cálculo da regra do "gasto computable" da liquidación do 2014, se produce un axuste en minoración por gasto derivado do que foi financiado por outras administracións públicas, no que se inclúe unha parte importante de gasto procedente de incorporación de remanentes.

Deste xeito, e cautelarmente, non teremos en conta a parte de obrigas que computan na regra do gasto que xa foron obxecto dalgún axuste, polo que, afirmaremos que máis do 54,5 % da contía do exceso do gasto (1.283.175,09 euros) corresponde a obrigas recoñecidas e liquidadas procedentes de gastos con financiamento afectado que computan integramente na regra do gasto. Dándose a circunstancia, que existe, exceso de gastos no orzamento da empresa municipal INCOLSA en contía de 858.148,54.





No informe do Sr. Interventor xa mencionado ,se expón a opinión profesional do mesmo, sobre a incongruencia de non poder excluír dos gastos computables a efectos da regra do gasto os gastos financiados con ingresos urbanísticos afectados a gastos da mesma natureza e os gastos financiados con endebedamento.

Se fai un paralelismo da coherencia dese axuste , ao fio do axuste que si se permite nos gastos financiados con ingresos procedentes de subvención; especificando, na páxina 12 de dito informe ,que si este axuste se "puidera" realizar, a situación do Concello pasaría a ser de cumprimento sobre a base da minoración das obrigas financiados con capítulo 3 e 9 de ingresos ( Páx 12 parágrafo segundo )

Dita opinión, compartida por unha grande parte dos profesionais da Intervención de fondos municipais, incluída quen subscribe este informe, non muda a situación legal que é, a de imputación de ditos como gastos computables a efectos da regra do gasto

#### Situación actual dos gastos non financeiros . Orzamento 2015

No orzamento inicial aprobado para o 2015 se estimou o gasto computable a efectos da regra do Gasto en 84.076.050,82 euros , sendo o aplicable de 74.317.086,51 euros . Un exceso do 13 % no gasto non financeiro sobre o límite legalmente exixible ( 9,8 millóns de euros )

Como expuxemos sobre o orzamento se realizaron modificacións a alza no gasto non financeiro que , cas estimacións actuais de gasto non financeiro referidas neste informe , nos situaríamos ao final do 2015 nun gasto computable cercano aos 83 millóns de euros , en termos consolidados . ( anexo 2 deste informe ) Cadro nº 14 .


Cadro nº 14: Situación Regra do gasto  
ano 2015

|                       | Limite estimado | G computable     | Cumprimento<br>/Incumplimento |
|-----------------------|-----------------|------------------|-------------------------------|
| Orzamento             | 84.076.050,82   | 83.987.646,77**  | 88.404,05                     |
| Limite Regra<br>Gasto | 74.317.086,51*  | 82.450.718,97*** | -8.133.632,46                 |

\*derivado da aplicación da taxa de referencia BOE xullo /2014

\*\* Orzamento inicial . ( sufriu incremento no gasto por expedientes modificativos )

\*\*\* estimación segundo informe incluído en anexo 2



Polo exposto, esta situación, derivada dun novo exceso no límite de gasto computable no orzamento actualmente vixente , debe terse en conta a hora de formular o plano económico financeiro legalmente exixible , que nos termos do establecido pola lexislación vixente, e dada a importancia que a incorporación de remanentes supón no incremento do gasto computable do Concello , permita revisar no límite máximo de 31 / 12 / 2016 o Orzamento do Concello a os marxes de gasto permitidos legalmente

As liñas do plan , no marco dos Informes xa emitidos por Intervención será :

- a) O impulso na execución gasto incorporado por Remanentes de crédito de tal xeito que no 2016 non se proceda novamente a súa Incorporación para o ano 2017
- b) A Incorporación dunha planificación plurianual real nas estimacións dos orzamentos anuais .
- c) pero , e ,adicionalmente ,será necesario o impulso de medidas de recorte de gasto non financeiro e / ou de incremento da marxe da recadación pola vía de medidas ingresos que supoñan incremento desta con carácter permanente a efectos de minorar o exceso que se produce no gasto non financeiro pola sobreestimación deste no orzamento aprobado , xa que da estimación de gasto computable a 31 / 12 / 2015 se deduce un exceso sobre a regra do gasto que se representa no cadro 14 .

#### Orzamentos 2016-2018

O pasado 10 de xullo de 2015 o Consello de ministros aprobou unha nova taxa de referencia nominal para cómputo máximo do gasto non financeiro das Corporacións locais que é a seguinte :

Taxa referencia nominal gasto máximo non  
financeiro ( 2016-2018)

| Ano 2016 | Ano 2017 | Ano 2018 |
|----------|----------|----------|
| 1,8      | 2,2      | 2,6      |

Fonte : BOE

Por aplicación da taxa de referencia aprobada , os limites de gasto computable para o Concello das anualidades 2016 a 2018 se representan no cadro nº 15 .

#### Cadro nº 15: Limite de gasto non financeiro Regra do gasto ( 2016-2018)

|                     | 2016                 | 2017                 | 2018                 |
|---------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| Concello            | 72.554.811,42        | 74.151.017,28        | 76.078.943,73        |
| Auditorio e Galicia | 1.956.702,63         | 1.999.750,09         | 2.051.743,59         |
| INCOLSA             | 1.143.280,00         | 1.168.432,16         | 1.198.811,40         |
|                     | <b>75.654.794,06</b> | <b>77.319.199,53</b> | <b>79.020.221,92</b> |

Fonte : Limite gasto computable 2014 e Taxa referencia BOE

Nesta marxe non se ten en conta os incrementos de gastos que se podan financiar con ingresos procedentes de maiores ingresos en cada exercicio ,de acordo co establecido no artigo 12.4 da Lei de estabilidade nin os gastos financiados con subvencións finalistas das administracións públicas :

" .....Cuando se aprueben cambios normativos que supongan aumentos permanentes de la recaudación, el nivel de gasto computable resultante de la aplicación de la regla en los años en que se obtengan los aumentos de recaudación podrá aumentar en la cuantía equivalente.

Cuando se aprueben cambios normativos que supongan disminuciones de la recaudación, el nivel de gasto computable resultante de la aplicación de la regla en los años en que se produzcan las disminuciones de recaudación deberá disminuirse en la cuantía equivalente."

Por lo tanto, los ingresos que se obtengan por encima de lo previsto se destinarán *íntegramente a reducir o nivel de deuda pública como* *objetivo prioritario* no vigente marco normativo



### III) Cumprimento da normativa reguladora do período medio de pago a provededores

O concello de Santiago cumpre ata a actualidade a normativa de morosidade en canto ao período medio de pago .

A data de maio o ano 2015 os período medios de pago dos entes que conforman o perímetro consolidable administración pública a efectos SEC foi o seguinte :

#### Indicador de morosidade

Maio -2015

|                      | Importe<br>operacións<br>pte pago | Importe<br>operacións<br>pagadas | Rateo<br>OP. Pagadas | Período medio<br>OP pagadas en días |
|----------------------|-----------------------------------|----------------------------------|----------------------|-------------------------------------|
| Concello             | 6.549.011,71                      | 5.906.235,02                     | 8                    | 59,11                               |
| Auditorio de Galicia | 335.458,36                        | 195.697,52                       | 54,83                | 91,7                                |
| Incolsa              | 169.411,36                        | 138.711,17                       | -1,76                | 60,05                               |

Non obstante , xa no primeiro trimestre , constaban facturas pendentes de pago fora do "período legal de pago ao final do trimestre " na integridade dos entes subliñados ca excepción de INCOLSA . ( hai que ter en conta que o seguimento de carácter trimestral inclúe ademais dos entes subliñados os seguintes : empresa "TUSSA ", "MERCAGALICIA" e "Fundación refuxio de animais" cuxos período medio sobre pagos realizados no 1T foron respectivamente : 31,55 , 10,21 e 55,07 )

O número de facturas , pendentes , se viron incrementadas , polo que fai ao Concello , en número e conta ata xuño de 2015, o que pon de manifesto un risco de incumprimento do período medio de pago acurto prazo . En data 12 de xuño de 2015 se cuantifica en mais de 2 millóns de euros .( facturas pendentes de conformar ) ás que hai que engadir as certificacións de obras " en tramitación"

O concello se atopa cunha manifesta incapacidade para xestionar con axilidade e puntualmente as facturas xiradas polo subministro eléctrico , situación que debido ao volume cuantitativo dese gasto , inflúe notablemente no saldo de facturas en tramitación. ( esta situación foi obxecto de diversas xestións ca propia compañía subministradora )

As medidas a adoptar pola Entidade para dar cumprida conta a esixencia legal se establecen nos artigos 13 e18 e seguintes da lei 2/2012 de 27 de abril , no R/D 17 / 2014 de 26 de decembro e demais normativa de aplicación .

É necesario e urxente reducir o longo procedemento interno para o recoñecemento de obrigas que posibilite a asunción puntual de pagos aos diferentes acredores municipais . O incumprimento da rateo de período medio de pago se deduce do establecido no artigo 13.6 da lei orgánica 2/2012 de 27 de abril . Os efectos do incumprimento de detallan no artigo 18 e seguintes do mesmo texto legal , é de aplicación do mesmo xeito o disposto nos artigo 39 e seguintes do R/D lei 17/2014 de 26 de decembro de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais .





As incidencias detectadas que dificultan acurtar o período temporal para o pago de obrigas son entre outras as seguintes : Retraso temporal na remisión de conformidade nas facturas por parte dos órganos xestores ( de conformidade co establecido nas base 20 .9 das de execución do orzamento son reiterados os requirimentos neste senso ) ausencia de autorización previa de gastos , erros formais na tramitación de certificacións e ausencia de documentación xustificativa que poña de manifesto que a tramitación dos gastos que dan lugar as prestacións se adecuaron a normativa aplicable en materia de contratación pública .

O exposto , conleva que consten na contabilidade municipal un número importante de facturas en diversas fase de tramitación ca conseguinte demora nos prazos de pago . , entre elas constan diversas incidencias xurdidas na cobertura contractual de diferentes prestacións e subministros ca consecuencia de procesos de aprobación de expedientes complexos de " recoñecementos extraxudiciais de crédito "

A efectos de incrementar a eficacia e eficiencia na xestión dos gastos públicos e minimizar os riscos de incumprimento , compre adopción de medidas organizativas que impulse a coordinación e xestión dos gastos e pagos .

#### IV) Gastos Imprevistos

Na actualidade , constan nas dependencias de Intervención documentación xustificativa da realización efectiva de gastos pendentes de asignación orzamentaria específica e adecuada . Correspondente a facturas e / ou certificacións conformadas en contía de 503.451,21 euros ( listado anexo ) .

Constan varios litixios pendentes de sentenza firme ,sen que se notificase a Intervención contías necesaria para gastos imprevistos de dita natureza .

#### CONCLUSIONS

1) O concello de Santiago presentou "capacidade de financiamento" en termos de contabilidade nacional ( SEC) tanto na liquidación do 2014 como ao peche do primeiro trimestre do 2015 en contías de 7,1 e 1,9 millóns respectivamente que dan conta de saldos positivos de solvencia a esas datas .

Incide sobre esa capacidade de financiamento o baixo ritmo de execución dos gastos de capital .

2) O remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do orzamento do ano 2014, foi positivo en 1,7 millóns de euros .

En maio do ano 2015 , se aplicaron 1,4 millóns procedente de remanente líquido de tesoureira do ano 2014 ao financiamento de novo gasto en investimentos cualificados como financieiramente sostibles .

A maio de 2015 ,se procedeu a concertar unha operación de Tesourería en contía de 8 millóns de euros que se xustifica pola Tesourería do Concello basicamente no " calendario fiscal " aprobado para o actual exercicio





3) O nivel de endebedamento "financeiro" a data de cambio do goberno , representa o 59,5 % dos ingresos correntes liquidados do exercicio 2014 ,atopándose por baixo das marxes establecidas na lexislación vixente

As contías pendentes de devolución por préstamos concertados son 8 millóns de euros a curto prazo e 45,8 millóns a longo prazo .

Consta como endebedamento "non financeiro" a contía de 5,4 millóns en concepto de devolución por Participación ingresos do Estado procedentes do 2008 e 2009 . Se deberán devolver a curto prazo son 162.484,7 euros e a longo 5.388.412,56 euros .

4) A evolución do aforro bruto ( diferenca entre ingresos e gastos correntes ) presenta unha tendencia claramente descendente nos últimos exercicios ; diminuíndo de xeito sistemático dende o ano 2011 ano 2014 . Pasa de cifrarse en 33,3 millóns de euros na liquidación do ano 2011 a 14,5 millóns no ano 2014

No ano 2014 diminuíu o 13,2 % sobre o aforro do ano inmediatamente anterior .

No orzamento definitivo aprobado para o 2015 o aforro bruto se cifra 10,6 millóns ,e o aforro neto (despois de amortizacións) en 4,9 millóns . Non obstante , este aforro neto do ano 2015 ten un carácter puntual, xa que as cotas de amortización correspondentes a esta anualidade foron adelantadas no orzamento do ano 2014 por importe superior a 4 millóns de euros .

Nos próximos exercicios , se deberá adecuar o nivel de gasto corrente do actual exercicio contando co reponte nos gastos non financeiros de amortización .

5) Na aprobación do orzamento do ano 2014 resultou sobrevalorada a marxe de gasto non financeiro sobre a que correspondería segundo aplicación da Regra fiscal de gasto establecida na lei de estabilidade orzamentaria ( regra que limita o crecemento do gastos das administracións públicas ). Esa sobrevaloración se efectuou sobre estimacións de liquidación para exercicio 2013 que finalmente foron inferiores ao previsto .

O nivel de execución mais baixo do previsto da liquidación do orzamento do 2013, incidiu de maneira relevante na marxe limitativa de gasto non financeiro computable como máximo no Concello de Santiago para o exercicio 2014 e por ende, de exercicios posteriores

